

mación Administrativa e Atención ao Cidadán en Santiago de Compostela; no Servizo de Información dos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Vigo e Ferrol; nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia en Vigo e Ferrol, e tamén poderá consultarse a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

De conformidade co establecido na base I.3.1, os aspirantes excluídos disporán do prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para solicitar a devolución dos dereitos de exame aboados, debendo consignar o nome, apelidos, NIF, grupo ao que se presentou e o número de conta, entidade bancaria e a localidade desta.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 10.1º do mesmo texto legal.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2008.

M<sup>a</sup> Mar Rodríguez Fernández  
Directora xeral da Función Pública

#### ANEXO

Apelidos e nome	NIF	Quenda	Motivo da exclusión
Concheiro Rodríguez-Segade, María Isabel	44842589-H	Libre	10
Fuertes Carballeira, Manuel Tomás	32703370-S	Libre	10, 22

Código	Descrición
10	Instancia fóra de prazo
22	Taxas abodas fóra de prazo

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Anuncio do 24 de xaneiro de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se lle dá publicidade á modificación de destino definitivo de funcionarios do corpo de profesores de ensino secundario.*

Advertido un erro no devandito anuncio, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 21, do mércores, 30 de xaneiro de 2008, é necesario efectuar a seguinte modificación:

Na páxina 1.745, columna esquerda, onde di: «Mazás Varela, Manuel, DNI 35319958-P», debe dicir: «Mazás Lamela, Manuel, DNI 35319958-P».

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Orde do 23 de xaneiro de 2008 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo vacante no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.*

Convocada, por Orde do 28 de novembro de 2007 (DOG nº 245, do 20 de decembro), a provisión dun posto de persoal directivo vacante no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, esta consellería, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en exercicio das competencias que ten atribuídas,

#### DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión, dun posto de persoal directivo pertencente á estrutura organizativa do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, anunciada por Orde do 28 de novembro de 2007 (DOG nº 245, do 20 de decembro).

Segundo.-Nomear na praza que se indica á persoa citada no anexo I desta orde, para os efectos do previsto no punto 2º do artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo) de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Terceiro.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non estimar a interposición deste recurso, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2008.

M<sup>a</sup> José Rubio Vidal  
Conselleira de Sanidade

#### ANEXO

Posto: subdirector médico.

Nome e apelidos: Ubaldo Álvarez Torre.  
DNI: 34922173-P.

*Orde do 23 de xaneiro de 2008 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo vacante na Xerencia de Atención Primaria da Coruña.*

De conformidade co establecido no artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatuta-